

CANTEIRO

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Canteiro

2. Outras denominacións

Pedreiro, picapedreiro,...

3. Outras ocupacións do sector

Cachoteiro, marmoreiro, pavimentador con lastras, albanel, escultor en pedra, tallista, alabastreiro, mosaiquista, imaxineiro,...

4. Área ou sector ao que pertence

Mármore, pedra e escaiola

5. Adscrición á clasificación CNAE

23.7 Corte, tallado e acabado da pedra

6. Descrición sintética do oficio artesán

O canteiro é o artesán que realiza as seguintes tarefas: trazar e/ou colaborar na traza de pedras, monteas e plantillas ou patróns; labrar, colocar, limpar e reparar pedras e obras de pedra de sillería. Tamén constrúe vivendas a base de diversos tipos de pedra, sillería, mampostería, e realiza cerramentos de fincas. Así mesmo, o canteiro debe ter nocións de modelado con barro e outros materiais para poder facer traballos específicos coma a restauración ou a escultura.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Asentar pedras de sillería e lousas de pavimento.
- ◆ Construír muros de mampostería, tapias e cerramentos para fincas.
- ◆ Creación de pezas e novos deseños.
- ◆ Labrar as pedras de sillería de paramentos lisos e rectos.
- ◆ Labrar pedras de sillería de paramentos curvos, lisos e paramentos con molduras.
- ◆ Realizar traballos específicos de restauración e montaxes.
- ◆ Retundir, limpar e reparar obras de pedra de sillería.

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase deséñase a peza, por parte do deseñador que conceptualiza o obxecto a realizar nun bosquexo ou debuxo a escala ou a tamaño natural. Tamén se pode deseñar a mesma con materiais coma diferentes tipos de arxilas. Este bosquexo ou figura previa utilizarase para a configuración da propia peza ou elemento a configurar.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas), ou pastas de modelar e os útiles necesarios para o modelado.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante.

2. Fase II. Preparación da materia prima

- ◆ O primeiro paso consiste na selección do material a utilizar, pedras rocas en bruto. O proceso de obtención deste recurso é mediante extracción directa, disección ou rotura da roca, e cortado ou troceado vertical e horizontal. Tras a extracción realízanse as operacións de marcado e serrado, da mesma, así como, o troceado e labrado. Conformados os bloques, estes poden ser reducidos á dimensión idónea da peza que imos a realizar. Estes bloques de pedra utilízanse para a conformación da peza ou elemento a realizar.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: cuñas, mazos e martelos, ciceis, serras de pedra, barrenos, barra de uña, picos, trades.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: preparador de materia prima, auxiliar de preparador de materia prima.


3. Fase III. Conformación da peza

- ◆ Unha vez que contamos coa pedra en bruto, aséntase debidamente pola parte máis ancha para comezar o seu labrado e desbastado, primeiro lábrase o cara frontal e logo lábrase o perfil. O produto que se obtén é a pedra labrada polas catro caras.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: cuñas, martelos varios, ciceis, pedra esmeril, mazos, amoladora, cortadora, martelo pneumático e serras.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: conformador da peza, auxiliar de conformador da peza.

4. Fase IV. Control da calidade

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. Primeiro seleccionase a pedra axeitada para o elemento que queremos realizar e posteriormente dásele o acabado á peza, en función dos criterios de deseño que se establecían na primeira fase. O acabado revisará os desperfectos que poida conter a pedra. Nesta fase o produto de saída e xa a peza acabada e revisada. O produto xa está en condicións de ser comercializado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control como calibres.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- Acodadeira
- Buxarda
- Cícel
- Caldeiros de goma
- Escoda
- Escofinas
- Escuadro
- Falsa
- Ferro

- Fixadeira
- Gavetas
- Guillo
- Limas
- Liñas
- Maceta
- Martillón
- Niveis
- Palanqueta
- Paletas
- Pico
- Pistolete
- Plomo
- Punteiro
- Regras

2. Equipos e máquinas

- Amoladora
- Carretilla hidráulica
- Compresores
- Martelos pneumáticos
- Pinzas-tenazas
- Plumas, elevadores
- Pulidoras
- Rebarbadoras
- Trades

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns, se ben tamén pode traballar directamente en obras de edificación de diferentes tipos.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Toelo. Anfíbol, pedra formada por substancias minerais en cristais. Moeche. Reutilización
- Granito. Granito do Forgoselo, especial para o lume. Serra do Forgoselo. Reutilización
- Olo de sapo. O olo de sapo é unha rocha metamórfica típica do centro-leste de Galicia que recibe o seu nome polos núcleos de feldespato con forma de olo. As Pontes. Reutilización.
- Serpentina. A serpentina (do latín serpens pola semellanza dalgúns exemplares coa pel dunha serpe) constitúe unha serie de minerais da clase dos silicatos. Moeche. Reutilización.
- Granito silvestre. O granito é unha rocha ígnea holocristalina , composta esencialmente por seixo, micas e feldespato potásico, tendo como minerais accesorios frecuentes circón, apatito ou anfíboles. O granito é unha rocha empregada coma pedra ornamental e na construción. Galicia. Reutilización.

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Pontes, cruceiros,...
- Muíños, fornos,...
- Hórreos, columnas,...
- Esculturas, pedras ameiras,...
- Ornamentación

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

Este proceso de traballo fai referencia á elaboración de diferentes pezas ou produtos partindo da conformación de bloques. O canteiro tamén pode realizar labores de construción de muros de mampostería.

Sempre houbo na zona do Eume unha gran tradición pola cantería. Hai importantes xacementos

nos concellos do Eume, temos a Serra do Forgoselo que se atopa en catro concellos da nosa comarca: San Sadurniño, As Pontes, As Somozas e A Capela (este último é o que ocupa a maior extensión da serra). A formación rochosa de granito é a rocha predominante en toda a Serra “granito de Forgoselo”. Tamén son importantes os xacementos da pedra toelo no Concello de Moeche.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

